

**A LEÑA BEN XESTIONADA PODERÍA SER UN COMBUSTÍBEL ECOLÓXICO, PERO HOXE
CONTRIBUE Á DESAPARICIÓN DOS BOSQUES AUTÓCTONOS**

A LEÑA E O USO NON SUSTENTABLE DO BOSQUE

Ramsés Pérez



Vicini Rodríguez

A explotación irracional dos nosos bosques autóctonos para a obtención de leña provoca grandes danos ecolóxicos e paisaxísticos.

ENTRE AS MUITAS FUNCIÓNS DO BOSQUE DENDE SEMPRE DESTACOU A DE SEREN O CELEIRO ONDE RECOLLER A LEÑA NECESÁRIA PARA FACER O XANTAR OU QUECER-SE NO INVERNO. PERANTE A ACTUAL SITUACIÓN DE CRISE ENERXÉTICA, A LEÑA PODERÍA-SE CONVERTER NUN COMBUSTÍBEL ALTERNATIVO AOS COMBUSTÍBEIS FÓSEIS. É UN RECURSO RENOVÁBEL E PODERÍA CONTRIBUIR Á LIMPEZA E ACLARADO DOS NOSOS MONTES, ASI COMO SER UNHA FONTE DE TRABALLO E RIQUEZA PARA O RURAL. PERGUNTAR-SE DE ONDE PROCEDE A LEÑA E COMO SE CORTOU, SON ALGUNHAS CUESTIÓNS A RESPONDER PARA QUE OS BOSQUES QUE NOS QUEDAN NON SE NOS VAIAN DAS MANS OU POLA CHEMINEA.

Entre as diversas funcións do bosque están a de ser reserva de biodiversidade, regulador dos equilíbrios ecolóxicos en canto ao solo e aos recursos hídricos, ademais do seu uso social (lecer, cultural, educativo) e económico.

No Neolítico, as persoas comezaron a deforestar o bosque para construíren vivendas e como combustíbel, e despois viñeron as talas para a criación de pastos e cultivos, a construción dos mosteiros, a construción naval, as ferreirías e indústrias, así como para facer travesas para o ferrocarril, xa en épocas máis recentes. Foron-se reducindo así os bosques autóctonos. Nos tempos actuais engadiu-se o problema da plantación de eucaliptos e piñeiros, cun incremento dos monocultivos foráneos consolidado coa aprobación do Plano Forestal de Galiza en 1992. Ademais, a choiva ácida, a apertura de pistas, a presión urbanística, etc. reduciron os nosos bosques de forma alarmante.

AS TALAS INCONTROLADAS

Dende sempre, as persoas empregaron este recurso para quecer-se e facer a súa comida. Até a aparición da televisión, o lume producido pola leña foi un dos

puntos de encontro ao redor do que se transmitían coñecimentos, lendas, en definitiva, cultura. A metade da madeira que se consome no mundo emprega-se aínda hoxe para facer lume.

Na Galiza, a leña segue a estar presente para facer a comida ou para quentarse, sobre todo no rural, aínda que menos que en tempos, xa que muitas cociñas complementan-se con gas butano. Nas cidades, xa apenas se utiliza a leña para estes usos e, aínda que comezan a aparecer pisos con cheminea, son unha minoría. É sobre todo nas urbanizacións, segundas residencias e casas de campo onde está a medrar o uso de estufas e chemineas. Outros grandes consumidores de leña son as panaderías e as parrilladas.


Muitos labregos seguen a aproveitar racionalmente este recurso, podando dunha devesa ou carballeira as árbores necesarias para facer leña, non volvendo a podá-las até que teñan o tamaño adecuado ou sexa necesario. Parelo a este sistema de silvicultura paisana sustentábel, esta-se a dar tamén outro de explotación salvaxe e descontrolada por parte de moitos madeireiros, favorecido pola falla

de control da Dirección Xeral de Montes da Xunta.

O abandono do rural, ou máis ben o abandono ao que se está a someter aos labregos e labregas, leva a que non se manteñan os lugares destinados a leña. Así, algúns vellos están a cortar polo pé fragas e carballeiras, xa que non queda xente a quen llas deixar nen quen as manteña limpas. Os novos, que emigran cara as cidades, tamén as cortan, para sacaren algúns cartos e non deixaren unhas terras "sen producir". Logo, nalgúns casos, replantan con eucaliptos ou piñeiros.

A demanda de leña procedente das cidades está contribuíndo a reducir aínda máis o noso bosque. Chousas enteiras están a ser cortadas a mata rasa no interior do país sen nengun tipo de control. Á beira das estradas de entrada ás cidades galegas hai lugares que satisfán esta demanda, e onde atopamos dende ramallada ou rachas de poda até troncos de carballos centenarios.

As consecuencias destas matas rasas son a perda de árbores centenarias que deberían ter sido declaradas monumentos naturais e a perda de parte da paisaxe tradicional así como da súa biodiversidade.



Ramóns Pérez

Se precisamos leña, podemos comprá-la directamente a/o labreg@, procedente de podas ou aclareos e non de talas.

Tamén é importante a perda xenética que se dá nas nosas árbores a medida que se reduce o número de exemplares e se illan

unhas manchas das outras. Outros problemas, non menos importantes, son a perda do solo debido á erosión, a modificación de microclimas e a alteración do réxime hídrico.

A leña, como tantos outros recursos, está a ser mal xestionada. O que podería ser un recurso renovábel e unha alternativa aos combustíbeis fóséis, é un problema para os nosos bosques. As podas, tendo en conta os ritmos de crecemento das árbores, ofrecen un recurso renovábel, e coas entresacas ou aclareos contribuiría-se a eliminar biomasa do monte e así evitar incendios, sendo estas dúas opcións criadoras de emprego e riqueza para o rural.

QUE FACER?

A solución ás talas inadecuadas pasa por difundir esta problemática, xa que moita xente a descoñece. Hai que solicitar, garantir e aplicar a certificación forestal baixo o selo FSC, como instrumento para xestionar o bosque.

Cómpre esixir á Xunta unha política forestal séria que ordene o bosque, har-

monizando as súas funcións (ecolóxica, social e económica), adoptando medidas a curto, medio e longo prazo, declarando reservas integrais, fomentando suficientemente a plantación de árbores autóctonas. Aos Concellos, hai que lles demandar unhas ordenanzas municipais que defendan os bosques e as árbores máis singulares, así como un aproveitamento racional.

Grupos ecoloxistas e asociacións de consumidores e produtores ecolóxicos deben solicitar a certificación forestal FSC nos produtos da madeira. Ter unha concepción integral do rural e demandar e ofertar leña ecolóxica como un produto agrario máis.

Cando merquemos leña, debemos perguntar de onde procede e fixarmos de que non sexa de matas rasas. Podemos comprá-la directamente a/o labreg@ de podas ou aclareos, asegurando-nos unha leña "ecolóxica" e un recurso renovábel e de futuro para o rural. Tamén é bo instalar estufas ou chemineas pechadas en lugar das abertas, xa que así aproveitaremos moito máis a calor.

DEFENSORAS DAS ÁRBORES: DENDE A CIDADE E O CAMPO, DUAS MULLERES FAN QUE PERDUREN OS NOSOS BOSQUES

O VALOR DOS CARBALLOS

Isabel Quintas é o exemplo do que calquera pode facer na defensa do bosque autóctono. Esta muller, natural de Sandiás, viveu as parcelarias da Límia e sufriu as súas nefastas consecuencias. Agora enfrente-se a outra nova concentración na Límia, en Bustelo, parroquia do seu marido. Como persoas conscientes da importancia dos nosos bosques, ela e o seu marido tentaron mercar o maior número posíbel de carballos nas terras que lles pertencían, para evitaren a súa tala, cousa difícil xa que moita xente prefería vender os carballos aos madeireiros. Así, chegaron a pagar 3 ou 4 veces máis do seu "valor".

Despois de moito lutar, conseguiron que se mantivese unha pequena touza, na que destacaba un fermoso carballo centenário. "Fortuitamente", a touza ardeu e perderon-se 6 ou 7 carballos, polo que decidiron desbrozá-la e replantá-la. Cando foron comprobar como ficara, descubriron que lles cortaran e levaran o carballo centenário. O carballo non lle pasara desapercibido a Venerando Conde Cid, madeireiro que, nun alarde de prepotencia, decidiu converté-lo en leña picada. Aquí comeza unha historia de denuncias e preitos contra este home que, lonxe de se arrepentir, dá por solucionado o tema con 10.000 pts.



Ramóns Pérez

Non é raro que os madeireiros talen sen permiso as árbores autóctonas centenarias.

Ainda non sabemos como rematará esta historia, mais do que si estamos seguros é de que o madeireiro o pensará dúas veces antes de cortar outro carballo. Con persoas como Isabel, que achan que para obter leña non é necesario cortar un carballo polo pé, que defenden cada unha das nosas árbores, os nosos bosques pasarían a ser algo máis dun 25 % da superficie arborada do país.

LECCIÓN DE SUSTENTABILIDADE

O lume engaiola, convida á reflexión e é amigo de falar a carón del. Moitas foron as noites nas que subimos a casa de Gloria, veciña da Ulloa, a polo leite. Sentados ao redor do lume, mentres ela e a súa filla María Xosé facían queixos, falabamos do día, das vacas ou do tempo do día seguinte, dependendo para onde fose o fume que saía por entre as tellas. Unha noite, falando da leña que estaba ardendo, das decotas e da mellor época para facé-las e dun carballo que quería podar, preguntamos-lle cómo non o cortaba polo pé, como fixera outro veciño, ao que nos contestou:

- Madialeval! Cómo vou eu cortar os carballos polo pé, logo con que vai facer lume a miña filla?. Se tivese feito iso meu avó, con que me ia quentar eu agora?, ca!

Algo semellante a isto podería ser unha definición de aproveitamento forestal sustentábel, feita por algun organismo internacional. Quen mantén moitas das devesas que aínda quedan no noso país?. Coa tala dos nosos bosques perde-se unha biodiversidade insustituíbel, pero non é meños importante a perda cultural que fixo que durante séculos se aproveitasen os montes de xeito racional.

Á Glória e aos labregos e labregas que conservan as nosas árbores vai adicado este artigo.